

Xentes e camiños

Memorias de Neira Vilas



RAMÓN NICOLÁS

Un aspecto nunca ben gabado das achegas ensaísticas que Xosé Neira Vilas nos vai deixando, en cantidade xa abondosa, é sen dúbida ese exercicio de esculca rexido por unha vontade informativa verbo da nosa historia e, sobre todo, daquela relacionada coa diáspora e coas biografías dos galegos que andaron e andan alén das nosas fronteiras entre os que, como ben se sabe, o propio Neira Vilas constitúe un exemplo paradigmático de compromiso irrenunciábel coa vitalidade das nosas letras, coa nosa cultura e mais tamén coas nosas xentes.

Baixo esa premisa, a memoria de Neira Vilas que se espella neste libro —como xa aconteceu con *O sariño do tempo* (2004) e con outros libros anteriores— non dúbidamos en considerala unha fortuna pois a xeito de pequenas e saborosas cápsulas, nese dicir breve e contido, o autor de *Gres* percorre un gozoso camiño, e os lectores con el, desde o que rescata e recupera vivencias que dalgún xeito protagonizou ou coprotagonizou. Mais non só, pois tamén hai lugar aquí para o artigo de opinión que comenta e analiza cuestións do noso tempo como a guerra, o maltrato infrixido aos nenos ou ecoloxía.

Velaí como Neira Vilas se ocupa de retratar en breves pinceladas un tempo, que é o da súa vida, pero aquel máis anterior como o dos primeiros pasos do asociacionismo galego no mundo ou a realidade dos escravos galegos. Como era de esperar, o espazo que dedica á reflexión sobre autores do noso sistema literario, en que polo común agroma a lembranza persoal, resulta abon-

doso e poliédrico como testemuñan os comentarios sobre Luís Seoane, Fole, Valenzuela, Celso Emilio Ferreiro ou Lorenzo Varela, mais tamén sobre outros autores que tratou ou coñeceu como Carpentier, Neruda ou Cortázar, ou mesmo arredor de revistas e xornais da Galiza emigrada ou exiliada..., mais aínda



non queda aí o libro. Xúntanse tamén as súas experiencias en Buenos Aires e en Cuba; os ecos do seu *Gres* natal, as biografías curiosas, moitas admirables, de galegos emigrados ou exiliados, como a do rei galego da Amazonia, dos que viviron na Sierra Maestra cubana ou os da Patagonia arxentina...

Prosas, todas elas, alicerzadas nun ricaz ton autobiográfico, onde as lembranzas persoais se entretecen co impagábel labor de esculca, interpretación e información que fan deste volume unha pequena xoia porque na realidade transloce unha sorte de memorias que se converten nun fermoso mosaico, nun compendio de saberes agora rescatados. Beizón ao autor por achegas como esta.

NEIRA VILAS, X.,
Xentes e camiños, Ed.
Xerais, Vigo, 2005, 212
páxinas